



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN RELATIVA AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS NA FASE DE CONCURSO DO PROCESO DE SELECCIÓN DE EDUCADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DA LARACHA.

A Laracha, a 26 de xullo do 2022.

A vista das alegacións presentadas referidas á valoración de méritos, reúnen na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, ás 10:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, para a revisión das mesmas, acordando o Tribunal o seguinte:

LAGE VILA, LUCÍA:

Estímase parcialmente.

- Non se valoran os cursos de psicomotricidade, nin de atención temperá por ser cursos de contidos non directamente relacionados co posto de traballo convocado, tal e como se especifica na base 5.1.A.
- Estímase a alegación sobre a valoración dos seguintes cursos: "Igualdade de oportunidades no ámbito do emprego" (0,40) e "Formación en igualdade de Género" da Universidade Antonio Nebrija (0.40)
- A valoración do "Curso de especialización universitaria de violencia de xénero, atención e prevención", de 200 horas, impartido pola Universidade Europea Miguel de Cervantes, xa estaba engadida na valoración de méritos outorgada á aspirante (2 puntos).

Polo tanto, débese sumar 0.40 + 0.50 á puntuación obtida na valoración inicial 14.90.

Puntuación total da fase de concurso: 15,8 puntos.

LÓPEZ SALORIO, LUCÍA:

Aceptar a alegación presentada en canto a:

- Curso de Igualdade de oportunidades: aplicación práctica no ámbito do emprego, que pasa a valorarse, polo que no apartado de méritos académicos debe incrementarse, como consecuencia da estimación parcial da alegación presentada, a puntuación outorgada inicialmente en 0,40 puntos.

Non aceptar a alegación presentada en canto a:





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- Méritos profesionais, debido a que a experiencia como coordinadora de área na Cruz Vermella xa foi valorada como experiencia profesional noutros postos técnicos relacionados co eido dos servizos sociais tanto na administración pública como na empresa privada. Foron tidos en conta 1081 días (de acordo coa vida laboral), que, xunto cos 66 días como educadora no Instituto Galego para o 3 S suman 1147 días, isto é 38 meses completos. A 0,20 puntos por cada mes, supérase o máximo de 5 puntos que se pode obter por este apartado, polo que se outorgaron 5 puntos.

Puntuación total da fase de concurso: 5,90 puntos.

LORENZO CAAMAÑO, BEGOÑA:

Aceptar a alegación presentada en canto a:

- Experto universitario en mediación familiar y resolución de conflictos de la EDAE: 2 puntos, que non foi valorado por erro.

Non aceptar a alegación presentada en canto a:

- Experiencia profesional na Cruz Vermella de León de febreiro a novembro de 2021, xa que o contrato de traballo especifica que corresponde ao Grupo 3, nivel 1, e o grupo de cotización á seguridade social segundo a vida laboral é o 7, polo que o posto non ten o carácter técnico requerido polo apartado 5.1.B das bases.
- Experiencia profesional no Concello de Sariegos: A experiencia acreditada valórase como experiencia noutros postos técnicos relacionados (0,20 puntos por mes), en non como educadora social (0,40 puntos por mes), xa que o contrato de traballo é como axente de igualdade, non como educadora social.
- Titora de prácticas profesionais de Educadora Social, xa que non é formación recibida nin pode considerarse experiencia profesional relacionada.
- Participación na elaboración do Programa Marco de Educación Familiar, xa que non se trata dunha formación recibida.
- Os seguintes cursos non foron valorados, xa que únicamente se tiveron en conta, de acordo coa base 5.1.A aquela formación que estea "directamente relacionada coas funcións do postro de traballo convocado":
 - o Curso de Técnicas de Estudio
 - o Curso de Mediación intercultural
 - o Curso de Microsoft Office 2010
 - o Curso de intelixencia emocional
 - o Curso de formación básica de formadores
 - o Curso de procedemento administrativo
 - o Cursos de linguaxe administrativa galega
 - o Curso de cuestións de xénero e aplicación de plans de igualdade na empresa e na administración pública
 - o Curso básico de prevención de riscos laborais



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- o Curso de monitor de tempo libre
- o Curso de monitor sociocultural

Polo tanto, o apartado de méritos profesionais está correctamente valorado, e no apartado de méritos académicos debe incrementarse, como consecuencia da estimación parcial da alegación presentada, a puntuación outorgada inicialmente en 2 puntos, de modo que, pasará a ser de 6 puntos.

Puntuación total da fase de concurso: 23,30 puntos.

RUIBAL CARNEIRO, RAQUEL:

Non estimar a alegación, dado que o curso "Sensibilización en igualdade de oportunidades y violencia de género" que solicita que se valore xa foi valorado coa puntuación de 0.40 dacordo cas bases que rexen a convocatoria (base 5.1.A b). O resto de cursos aportados non se valoran por ser non específicos do posto. Son cursos de carácter transversal.

VILLAR GOMEZ, ANA LAURA:

Non estimar a alegación.

O curso que solicita que se valore (Curso de especialista en información xuvenil, EGAP), xa se valorou consonte á base 5.1.A b).

Respecto da alegación sobre a experiencia laboral, non consta documento válido en dereito para acreditar que a experiencia fose de Educador Social, sendo os códigos de cotización dos contratos aportados pola aspirante diferentes ao 1 ou 2 (Técnico) ou cun obxecto distinto ao do posto a seleccionar.

Advírtese erro na valoración de méritos, no apartado dos cursos, da aspirante Lucía Iglesias Mira. Así, dacordo co previsto no art. 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de PAC, acórdase modificar a puntuación do curso de "Técnico de formación en Igualdade de Género"

Puntuación total da fase de concurso: 9 puntos.

Á vista do anterior, acordase modificar a puntuación total das seguintes aspirantes:

NOME E APELIDOS	DNI	TOTAL FASE CONCURSO
IGLESIAS MIRAS, LUCIA	***2404**	9





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

LAGE VILA, LUCIA	***3557**	15,8
LOPEZ SALORIO, LUCIA	***9866**	5,9
LORENZO CAAMAÑO, BEGOÑA	***6677**	23,3

E non sendo outro o obxecto da presente, dase por rematado o acto sendo as 12:00 horas, asinando os membros do Tribunal dixitalmente á marxe.

